

Informe de coordinación do Grao en Dereito

Curso 2021/2022

Índice

I. Información xeral	2
II. Coordinación	2
III. Accións de coordinación.....	2
IV. Conclusións.....	5

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Grao en Dereito
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	
Curso de implantación	2013-2014

II. COORDINACIÓN

Coordinación de títulos	Xosé Manuel Pacho Blanco
Equipo coordinador do curso (se procede)	

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Descríbanse as accións realizadas no curso académico:

I. Introducción

De conformidade coa Normativa Interna de Coordinación das Titulacións do Grao da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, aprobada pola Xunta de Facultade nas correspondentes datas, a Coordinación do Título correspondenlle entre outras funcións as que se recollen deseguido.

-Desenvolver as súas competencias sobre todos os aspectos relacionados coa aplicación dos contidos da Memoria do Título, proposta de modificación, así como sobre todas as accións de innovación e mellora derivadas da avaliación do desenvolvemento da titulación (art. 1).

-Colaborar co equipo decanal do Centro e, en particular, cos vicedecanos competentes, no seguimento da implantación e cumprimento dos obxectivos dos respectivos títulos de grao (art. 2)

No que atinxe ás funcións específicas, dispónse que lle corresponden entre as principais redactar un informe para dar conta ao equipo decanal da Facultade e á Comisión de Garantía de Calidade, das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia e as súas posibles solucións (art. 3).

As accións de coordinación que se levan a cabo no contexto dos estudos do Grao en Dereito son substancialmente de dous tipos:

- Coordinación coa Facultade de Dereito de Ourense.
- Coordinación entre o coordinador de Grao e os coordinadores da materia.

2. Coordinación coa Facultade de Dereito de Ourense

A comisión de Coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e da Facultade de Dereito de Ourense reuníronse en diversas ocasións para tratar temas diversos. Á marxe das reunións no marco da Comisión indicada, tamén houbo contacto permanentes coa coordinación do Grao na Facultade de Dereito de Ourense para tratar temas como elaboración de cronogramas, proceso de elaboración de Guías.

Debe sinalarse a Convocatoria da Reunión da Comisión de Coordinación das Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Dereito da Universidade de Vigo, de 24 de maio de 2022.

3. Coordinación entre as persoas responsables da coordinación do Grao e as persoas coordinadoras das materias

Durante o curso 2021/2022, as persoas coordinadoras do Grao mantiveron unha comunicación fluída cos diversos coordinadores e coordinadoras das materias. Sobre a elaboración das Guías Docentes correspondentes ao curso 2021/2022, levouse a cabo o proceso nas datas indicadas no Procedemento de Elaboración de Guías Docentes aprobado pola Xunta de Facultade.

Comezou o proceso coa revisión xeral de todas as guías do Grao na aplicación docnet por parte das persoas Coordinadoras, e a subsanación das deficiencias formais en comunicación coa Área de Calidade, e dentro do prazo establecido ao efecto; substancialmente, asignaturas sen unha persoa coordinadora o con erros na súa atribución.

No que atinxe á coordinación do profesorado, máis alá das Guías Docentes, tivo como obxecto basicamente, organizar a distribución do contidos das materias e planificar as actividades docentes a través da elaboración e revisión dos cronogramas correspondentes ao primeiro e segundo cuadrimestre.

A Coordinación do Grao está sempre dispoñible para solventar, mediar ou intervir en calquera incidencia ou suxestión que lle poidan plantexar o profesorado e o estudiantado do Grao, dentro das súas competencias.

No desenvolvemento da función de coordinación informouse do Calendario, enviáronse en data 21 de xuño de 2021 as comunicacións para elaborar as Guías Docentes, así como os correos electrónicos o 21 de xullo de 2021 e o 19 de xaneiro de 2022 para a elaboración dos Cronogramas do primeiro e segundo cuadrimestre.

4. Actuacións de coordinación unha vez levantado o Estado de Alarma e a realidade académica postcovid.

Durante o ano académico 2021-2022, seguíronse tomando medidas excepcionais derivados da realidade Covid, e actuación do Decanato da facultade en todo momento se realizou ao abeiro das disposicións legais ad hoc, e das instrucións do Reitorado da Universidade de Vigo. Debemos subliñar as comunicacións emitidas dende o equipo da dirección do centro a estes efectos.

Débase destacar a recepción das dúbidas e queixas por parte de todos os membros da Facultade, alumnado, PAS e profesorado, así como as reunións do PAT para permitir ao estudantado transmitir as súas inquedanzas, queixas e observacións.

5. Outras accións de coordinación desenvolvidas

Dende a Coordinación da Titulación de Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, mantivéronse reunión de coordinación para tentar dar respostas á situacións derivadas da problemática do estudo, da mobilidade, realizando intervencións a través de reunións e entrevistas persoais e colectivas.

Dada a especial situación sanitaria do entorno postcovid, tivéronse que afrontar accións directamente relacionadas coa coordinación nun contexto que implicaba unha especial atención a cuestións derivadas da conectividade e da facultade online.

Por outra parte, deben sinalarse tamén dada a súa importancia:

-A Creación do **Premio de Investigación Xurídica en lingua galega Xosé Luis Franco**. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo – Área de normalización lingüística, o primeiro premio deste tipo convocado na Universidade de Vigo.

-A celebración do **Día das Letras Galegas**, coa Xornada *As letras galegas e o Dereito*, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, o 28 de abril de 2022.

-A Xornada sobre *Debates sobre as restricións de dereitos fundamentais en situacións de emerxencia sanitaria. A xestión da Covid-19*, o 30 de setembro de 2021.

-**Feira de Emprego InCampus**, 27 e 28 de abril de 2022.

E dentro desta Feira de emprego as seguintes actividades:

-“En primeira persoa: egresados/as da Universidade de Vigo contan a súa experiencia no mundo laboral” Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Vigo, 27 de abril de 2022.

-“Xornada saídas profesionais: ámbito xurídico”. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Vigo, 28 de abril de 2022.

-**Xornadas 3.0.** Os estudos de grao en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos. Optatividade, TFG e itinerancia, 31 de marzo 2022.

6. A colaboración coas Coordinación de Igualdade e normalización lingüística

Debe destacarse tamén a estreita colaboración cos recén creados postos de Coordinación de Igualdade e Normalización Lingüística, ao que permitiu a esta coordinación de Dereito un mellor desenvolvemento das súas competencias e funcións.

Neste sentido debe destacarse a consecución en proceso de concorrencia competitiva do Distintivo de Igualdade, e a creación do Primeiro premio de investigación xurídica en lingua galego, o Premio Xosé Luís Franco.

IV. CONCLUSIÓNS

As accións de coordinación indicadas repítense en termos similares curso tras curso dende a implantación do Grao en Dereito, e entendemos que resultan axeitadas e suficientes para garantir un axeitado desenvolvemento das actividades académicas da titulación.

Débase destacar tamén a implicación e colaboración amosada coa coordinación do Grao polo profesorado que colaborou axeitadamente, e da consecución do distintivo de igualdade e a creación do Premio Xurídico Xosé Luis Franco de investigación en lingua galega, o que tamén revertiu na coordinación do Grao en Dereito.

En Vigo, a 8 de decembro de 2022.

Responsable do título: Xosé Manuel Pacho Blanco

Sinatura:

